

NextGenerationEU: a Comisión Europea aproba o plan de recuperación e resiliencia de España:

A Comisión Europea adoptou unha avaliación positiva do plan de recuperación e resiliencia de España.

A Comisión avaliou o plan de España sobre a base dos criterios establecidos no Regulamento do MRR. A análise da Comisión considerou sobre todo se os investimentos e reformas establecidas no plan de España contribuirán a abordar eficazmente os retos sinalados no marco do Semestre Europeo; se abarcan medidas que axuden eficazmente ás transicións ecolóxica e dixital; e se contribuirán a reforzar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica, institucional e social de España.

Garantir a transición ecolóxica e dixital en España

A avaliación da Comisión conclúe que **o plan español dedica o 40 % da súa asignación total a medidas que apoian os obxectivos climáticos**. Entre elas cóntanse medidas para fomentar a mobilidade urbana e a longa distancia sostibles, aumentar a eficiencia enerxética dos edificios, descarbonizar a industria e reducir a dependencia enerxética, así como para despregar novas tecnoloxías para o hidróxeno verde e as enerxías renovables. O plan tamén comprende medidas para contribuír a paliar os efectos adversos do cambio climático mediante a conservación dos espazos costeiros, os ecosistemas e a biodiversidade, e para promover a economía circular mediante a mellora da xestión da auga e os residuos.

A Comisión constata que o plan español dedica o 28 % da súa asignación total a medidas destinadas á transición dixital, tales como medidas sobre a dixitalización da Administración pública, a industria e as empresas, incluído un programa específico para a dixitalización das pemes. Tamén haberá investimentos en equipos dixitais para a educación e a mellora das competencias dixitais.

Reforzar a resiliencia económica e social de España

A avaliación da Comisión considera que o plan español inclúe un amplo conxunto de reformas e investimentos que se reforzan mutuamente e que contribúen a abordar de maneira eficaz a totalidade ou un subconxunto importante dos retos económicos e sociais indicados nas recomendacións específicas por país (REP) formuladas a España polo Consello no Semestre Europeo en 2019 e

en 2020. Aborda medidas nos ámbitos do emprego para reducir a segmentación do mercado laboral e mellorar as políticas activas do mercado de traballo, así como medidas no ámbito da educación e as capacidades e as políticas sociais, incluído o apoio á resiliencia e a capacidade do sistema sanitario. O plan dá resposta en gran medida ás REP nos ámbitos do investimento na transición ecolóxica e dixital, a investigación, o desenvolvemento e a innovación, a produción e o uso limpos e eficientes da enerxía, as infraestruturas enerxéticas, a xestión hídrica e dos residuos e o transporte sostible. O plan inclúe medidas para mellorar o clima empresarial, con actuacións importantes para mellorar a regulación, reducir a morosidade e reformar o marco de insolvencia e a contratación pública. O plan tamén aborda as REP no ámbito das finanzas públicas, incluídas as reformas do sistema de exame do gasto, o sistema fiscal e o sistema de pensións.

O plan español de recuperación e resiliencia contribúe de maneira global e adecuadamente equilibrada aos seis piares do Regulamento.

Apoio a proxectos emblemáticos de investimento e reforma

España propón proxectos nos sete ámbitos emblemáticos europeos. Trátase de proxectos de investimento concretos que abordan cuestións comúns a todos os Estados membros en ámbitos que xeran emprego e crecemento e que son necesarios para a dobre transición. Por exemplo, o plan de España prevé 6 100 millóns de euros para investir en tecnoloxías limpas e acelerar o desenvolvemento e o uso das enerxías renovables, así como 7 800 millóns de euros para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios públicos e privados. Outras medidas sosteñen a iniciativa emblemática europea «Recarga y repostaje» mediante investimentos en recarga, o fomento da infraestrutura de vehículos eléctricos e a promoción da mobilidade sostible.

A avaliación tamén constata que ningunha das medidas incluídas no plan entraña prexuízos graves contra o medio ambiente. Os sistemas de control establecidos por España considéranse adecuados para protexer os intereses financeiros da Unión. O plan achega datos suficientes sobre a forma en que as autoridades nacionais previrán, detectarán e corruxirán os casos de conflitos de intereses, corrupción e fraude relacionados co uso dos fondos.

Próximas medidas

O Consello dispón agora, por regra xeral, de catro semanas para adoptar a proposta da Comisión.

A aprobación do plan por parte do Consello permitiría o **desembolso de 9 000 millóns de euros a España en concepto de prefinanciación. Isto representa o 13 % do importe total asignado a España.**

A Comisión autorizará novos desembolsos en función do cumprimento satisfactorio dos fitos e obxectivos indicados na Decisión de Execución do Consello, reflectindo os avances na execución dos investimentos e as reformas.